



Resolución do 2 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso académico 2024/25.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 113 establece que os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar, que estes instrumentos educativos contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no uso crítico dos mesmos, debendo contribuír estas bibliotecas escolares a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura, e dispoñendo que a organización das bibliotecas escolares deberá permitir o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa dos respectivos centros, así como que a súa dotación se fará de forma progresiva.

As Ordes que desenvolven os Decretos que regulan a ordenación e os currículos de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establecen que **os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un Plan de Lectura** (antes Proxecto lector), **que se concretará cada curso escolar nun Plan Anual de Lectura, e un Plan de Biblioteca.**

O [Plan LIA 2021-25](#) ten entre os seus obxectivos fundamentais dotar aos centros educativos de bibliotecas escolares útiles, estables, sustentables e acordes ás necesidades do século XXI, facendo delas espazo creativos de aprendizaxes innovadores e inclusivos que apoiem a adquisición das competencias clave do alumnado.

En prol da **mellora da comprensión lectora** do alumnado, a **biblioteca** concibirase como o **espazo mediador das lecturas no centro** polo que será o “núcleo” da atención á **formación de hábitos de lectura no conxunto da comunidade educativa**; con este fin poderá **deseñar, asesorar e apoiar actividades para o fomento da lectura que teñan en conta os distintos sectores que a conforman, procurando a colaboración de todos eles.**

Ao abeiro do artigo 8.5. da Orde de 17 de xullo de 2007 que regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes establécese que a dirección do centro designará unha persoa como responsable da biblioteca escolar por un período mínimo de dous anos, dando prioridade á súa formación específica, á experiencia, ao interese e á dispoñibilidade horaria, que actuará baixo a coordinación da xefatura de estudos. Así mesmo, nos artigos 9 e 10, defínese a dinamización de biblioteca e se regulan as funcións desta dinamización.

[DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA](#)

[Complexo Administrativo San Caetano](#)

[Edificio número 2, andar 2](#)

[15781 Santiago de Compostela](#)

dxoie@xunta.gal



Así mesmo, a biblioteca xoga un papel moi importante para o logro dos ODS da Axenda 2030 ao proporcionar servizos e programas que dan resposta ás necesidades informativas das persoas que integran a comunidade educativa, así como formar ao alumnado para unha participación plena, activa e comprometida coa sociedade complexa na que nos toca vivir.

Por todo o anterior, é preciso ditar instrucións para o desenvolvemento no curso 2024/25 da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, con especial atención ao fomento de dinámicas da mellora da comprensión lectora do alumnado, nos centros docentes de niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia e, de conformidade co exposto, como directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

RESOLVO:

Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Esta resolución ten por obxecto ditar instrucións para establecer un marco de referencia para a organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no curso académico 2024/25.
2. É de aplicación nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. Aspectos xerais

Coa finalidade de que a biblioteca sexa un espazo aberto á comunidade educativa, centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, terase en conta o seguinte:

1. Estableceranse as medidas organizativas oportunas para poñer a disposición de alumnado e profesorado e, na medida do posible, do resto da comunidade educativa, unha biblioteca escolar que favoreza o achegamento a libros informativos e de ficción, así como a outros recursos informativos e lúdicos, en soporte impreso, audiovisual ou electrónico; presentes na biblioteca ou dispoñibles a través de Internet; relacionados cos contidos do currículo ou que poidan cubrir a variedade de intereses de lectura e de aprendizaxe.

A biblioteca, concibida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, facilitará oportunidades de aprendizaxe diversas, e ocasións para o encontro entre os distintos membros da comunidade educativa en relación coa lectura, o acceso ao coñecemento e a cultura en xeral.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 2, andar 2
15781 Santiago de Compostela
dxoie@xunta.gal





2. En prol dunha efectiva inclusión, este espazo dará resposta ás necesidades de todo o alumnado no que atinxe á accesibilidade, aos recursos dispoñibles a través da colección física e virtual, aos equipamentos e ás actividades propostas.

A localización da biblioteca no centro, a selección de materiais físicos ou dixitais para a colección, a sinalización, a distribución do mobiliario ou as propostas de actividades deben ter en conta estes principios.

3. A biblioteca escolar, conforme aos [Obxectivos da Axenda 2030 da ONU para o Desenvolvemento Sustentable](#), debe proporcionar servizos e programas que dean resposta ás necesidades informativas das persoas que integran a comunidade educativa, formando ao alumnado para unha participación plena, activa e comprometida coa sociedade complexa na que nos toca vivir.

As bibliotecas constitúense como entidades privilexiadas para traballar co alumnado e cos distintos sectores da comunidade educativa a prol dos Obxectivos 2030. Recoméndase unha revisión destes obxectivos á hora de deseñar programas anuais ou organizar actividades relacionadas con cada un dos ámbitos que cobren.

4. A biblioteca concibirase como o espazo mediador das lecturas no centro, polo que será o "núcleo" da atención á **formación de hábitos de lectura no conxunto da comunidade educativa que redundará de forma efectiva na mellora da comprensión lectora**; con este fin, o equipo da biblioteca deberá deseñar, asesorar e apoiar actividades para o fomento da lectura que teñan en conta os distintos sectores que a conforman, procurando a colaboración de todos eles.

A fin de superar determinados preconceptos, o equipo de biblioteca deberá asesorar aos lectores e lectoras sobre as posibilidades que ofrecen as obras de literatura de non ficción, así como outros materiais textuais, publicacións seriadas e xéneros literarios minoritarios ou, tamén, os autores e as autoras máis diverxentes. A existencia dun club de lectura temático (de teatro, de filosofía, de ensaio, de poesía...) pode abrir portas a novos lectores, por exemplo.

A biblioteca é un espazo clave para crear situacións nas que lectoras e lectores se atopen cos contidos culturais en diferentes soportes e formatos, que amplíen a súa mirada sobre o mundo e a súa experiencia.

5. A biblioteca escolar será o contexto privilexiado para o **desenvolvemento de competencias informacionais e mediáticas**, como requisito para a construción do pensamento crítico; en consecuencia, deberá facilitar o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinario en proxectos e actividades, contribuíndo así aos cambios metodolóxicos imprescindibles.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 2, andar 2
15781 Santiago de Compostela
dxoie@xunta.gal





6. **A utilización habitual da biblioteca para a lectura, información e a aprendizaxe (LIA), e como "centro creativo das aprendizaxes", involucrará, na medida que sexa posible, a todo o profesorado, a todas as áreas, etapas e niveis, así como a todos os programas** nos que está inmerso o centro para o desenvolvemento do seu Proxecto Educativo.

Todos os departamentos, niveis educativos e programas do centro beneficiáanse dos recursos da biblioteca escolar e das oportunidades que esta ofrece para ampliar ou desenvolver tarefas de aprendizaxe. Por isto, é importante a implicación do equipo docente na proposta de selección de materiais, físicos ou virtuais.

O equipo de biblioteca debe atender, na medida que sexa posible, as necesidades de todas as áreas curriculares á hora de valorar novas adquisicións para un correcto equilibrio da colección.

Da mesma forma, a existencia de programas educativos en materia de innovación educativa pode ser unha oportunidade de traballo coordinado e de aproveitamento dos recursos da biblioteca en beneficio dos resultados académicos e de aprendizaxe do alumnado.

7. A biblioteca escolar incorporará, na medida que sexa posible, ás familias, co fin de implicalas na formación das lectoras e dos lectores e, tamén, na súa formación como persoas usuarias con capacidade crítica na análise da información e dos medios de comunicación.

Son moitos os exemplos de bibliotecas escolares que traballan neste sentido: as seccións específicas dentro da colección destinadas aos adultos; os espazos de lectura específicos para nais e pais; os clubs de lectura de adultos nos que se implica profesorado, persoal non docente, nais, pais ou ex alumnos; os grupos de adultos colaboradores; as "familias lectoras", o programa "Lectura e Familias" ou simplemente as mochilas viaxeiras pensadas como instrumento de vinculación, son algunhas propostas que ofrecen bos resultados. Cada centro estudará as fórmulas máis axeitadas para procurar a complicidade e a participación das familias da súa comunidade educativa nas propostas e actividades da biblioteca escolar.

Terceiro. Organización e xestión da biblioteca escolar

1. O equipo directivo deberá tomar as medidas organizativas oportunas que garantan o correcto funcionamento deste servizo educativo, así como designar unha partida específica para o mantemento da biblioteca escolar, dentro dos orzamentos xerais (entre un 5% e un 10% do orzamento recibido para gastos de funcionamento do centro).

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Complexo Administrativo San Caetano

Edificio número 2, andar 2

15781 Santiago de Compostela

dxoie@xunta.gal





2. A dirección do centro designará unha persoa como responsable da biblioteca escolar por un período mínimo de dous anos, dando prioridade á súa formación específica, á experiencia, ao interese e á dispoñibilidade horaria, que actuará baixo a coordinación da xefatura de estudos.

Unha vez distribuído o horario de atención directa ao alumnado, a dirección do centro deberá **dar prioridade á biblioteca escolar** e asignar horas lectivas e complementarias ao responsable da biblioteca e ao profesorado do equipo de apoio, axustadas ao labor que estes docentes realizan en beneficio de toda a comunidade educativa, a efectos de facer rendibles os importantes investimentos realizados nas bibliotecas e de velar polo cumprimento das funcións que lles corresponden no centro educativo.

3. A dirección do centro consignará na aplicación *PersoalCentros*, no apartado de titorías, o cargo de *responsable de dinamización de biblioteca* ao docente que desempeña este labor. Este trámite realizarase a inicios do curso escolar, nas datas indicadas por esta consellería. No caso dos centros privados concertados, a dirección do centro consignará na aplicación *CentrosPrivados* o cargo de *coordinador/a de biblioteca* ao docente que desempeña esta función.
4. A persoa responsable da biblioteca escolar deseñará, en colaboración coa xefatura de estudos e o equipo de apoio á biblioteca, e difundirá a través de distintas canles o **Plan Anual de Lectura** (que é a concreción por curso escolar do Plan de Lectura) e o **Plan de Biblioteca**, que favoreza o desenvolvemento do Plan de Lectura e o uso, por parte de alumnado e profesorado, das distintas fontes informativas e da variedade de servizos da biblioteca escolar, en beneficio de todas as áreas e materias. O **Plan de Lectura**, que forma parte do Proxecto educativo e funcional do centro, será elaborado desde a CCP ou equipo de traballo, coa colaboración/coordinación da persoa responsable da biblioteca, que en colaboración co equipo de apoio á biblioteca, establecerá as liñas de traballo.
5. Os centros docentes incluirán dentro do seu proxecto educativo e funcional o Plan de Lectura que terá por finalidade a promoción e o fomento da lectura, a escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave. Igualmente, o proxecto educativo e funcional de centro recollerá o Plan de Biblioteca que terá por finalidade a promoción da biblioteca escolar como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe.

Este Plan de Biblioteca contemplará, como mínimo, actuacións nos seguintes ámbitos:

- a. En relación coa organización e xestión (automatización e organización da colección, incluídos os recursos electrónicos seleccionados); provisión de recursos, en distintos soportes e formatos; servizos

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Complexo Administrativo San Caetano

Edificio número 2, andar 2

15781 Santiago de Compostela

dxoie@xunta.gal





- bibliotecarios básicos; mecanismos para a difusión da información; espazos dixitais (páxina web, blog ou presenza nas redes sociais); persoa designada como responsable da biblioteca escolar; equipo de apoio; usos e horarios de apertura (en tempo lectivo e non lectivo).
- b. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado.
 - c. En relación coa formación de persoas usuarias e adquisición da competencia informacional (ou de uso e tratamento da información, incluída na actual competencia dixital).
 - d. En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Plan de Lectura.
 - e. Outras actuacións relacionadas con proxectos e programas nos que está inmerso o centro.
 - f. Criterios e procedementos de avaliación (dos servizos da biblioteca e da situación da lectura no centro, entre outros). Indicadores e instrumentos a utilizar.
6. O Plan de Lectura concretarase no Plan Anual de Lectura, que se incluírá na programación xeral anual a través de accións enfocadas ao logro daqueles obxectivos establecidos neste plan que se pretendan desenvolver no curso 2024/25.
7. Desde a biblioteca escolar coordinaranse as actuacións para o desenvolvemento do Plan de Lectura e **deberán contemplarse os beneficios de experiencias xa contrastadas como a "Hora de ler", actividades de lectura compartida ou os clubs de lectura, nas súas diferentes fórmulas.**

Interesa discernir entre o Plan de Lectura e as fórmulas para a promoción da lectura que se poden empregar para conseguir os seus obxectivos. Así a "Hora de ler" ou os "itinerarios lectores" contribúen ao desenvolvemento do Plan de Lectura pero non deben confundirse con el (máis claramente: un listado de lecturas recomendadas non é un Plan de Lectura; nin tampouco o é un Plan Anual de Lectura; da mesma forma, un calendario de "Hora de ler" só serve para detallar esta actividade pero non pode ser entendido como o Plan Anual de Lectura). Cómpre, así mesmo, realizar un esforzo por sistematizar prácticas que dan resultado como as "lecturas compartidas", entre outras, e sempre incluír as estratexias de comprensión lectora, adaptándoas á lectura impresa ou dixital, en cada caso.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través do [espazo web da Asesoría de Bibliotecas Escolares](#) e outros espazos

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 2, andar 2
15781 Santiago de Compostela
dxoie@xunta.gal





do Portal Educativo, pon a disposición do profesorado múltiples recursos informativos, así como exemplos de experiencias en centros de referencia da Rede de bibliotecas escolares, co fin de facilitar estes labores de deseño e posta en marcha de actividades de innovación en relación coas funcións da biblioteca segundo o modelo proposto.

8. O espazo da biblioteca organizarase en función das prácticas que interesa incentivar e das experiencias que se pretenda estimular. No canto de dedicar todo o espazo dispoñible a postos de lectura individual, deberá distribuírse o mobiliario de forma que favoreza a circulación das persoas usuarias, así como actividades individuais e grupais de lectura (formal e informal), consulta, participación, expresión, investigación, manipulación..., ampliando as posibilidades da biblioteca cara a unha factoría ou laboratorio creativo de aprendizaxes onde o diálogo, a participación activa e a comunicación son imprescindibles.
9. **Poñerase especial atención en superar a fase de "celebración" dos días marcados no calendario escolar, facendo unha selección acorde cos obxectivos do Plan de Lectura.**
10. No caso extremo de falta do espazo, ou cando as características do centro non faciliten a creación dunha biblioteca central con espazos diversificados, suficientes e con funcións especializadas, deberá deseñarse unha "biblioteca distribuída", onde as bibliotecas de aula e outros espazos dedicados á posibilitar fontes informativas ou actividades relacionadas con lectura ou tratamento da información conformen, no seu conxunto, "a biblioteca", e que terá as mesmas funcións que unha biblioteca escolar centralizada. En circunstancias normais (e aínda que o espazo sexa reducido) é recomendable non separar os recursos en lugares distintos por mor do soporte: deben convivir o impreso e o dixital, os libros cos xogos e o equipamento tecnolóxico.

En termos xerais, as bibliotecas de aula ou departamento serán considerados como seccións da biblioteca escolar do centro, e realizarase unha xestión centralizada de todos os seus recursos (aínda cando algúns materiais poidan estar temporal ou definitivamente situados nesas seccións). É recomendable que a biblioteca central deberá conte cun número suficiente de ordenadores con acceso a Internet, de forma que se garanta unha consulta equilibrada, no mesmo proceso de busca, de distintas fontes informativas.

Así mesmo, cómpre atender a necesidade do alumnado de contar con recursos dixitais para a elaboración dos seus traballos de investigación (busca de información e elaboración de produtos escritos ou en soporte electrónico), nun momento de potenciación das prácticas metodolóxicas que esixen a formación do alumnado neste tipo de tarefas (metodoloxía de traballo por proxectos).





Cuarto. Xestión técnica e patrimonio bibliográfico

1. **A colección da biblioteca escolar debe ser revisada anualmente e responder ás necesidades das persoas usuarias** en materia de lectura e de información e, por suposto, cubrir todas as áreas de aprendizaxe propias das ensinanzas que imparte o centro. Procurarase unha axeitada integración das ciencias e das humanidades. **Segundo as recomendacións internacionais, tenderase a acadar un 60% de fondos de tipo informativo (literatura de non ficción) e un 40% de fondos de literatura de ficción** (neste cómputo, téñense en conta todos os recursos que as bibliotecas escolares poñen á disposición das persoas usuarias). Os centros de tipoloxía específica (conservatorios, escolas oficiais de idiomas e outros) deberán contemplar tamén os recursos para a promoción da lectura.
2. **Empregarase a CDU (Clasificación Decimal Universal) como sistema estandarizado** para o rexistro, catalogación, clasificación e presentación física ou virtual dos materiais que forman parte da colección, empregando para iso o programa de xestión bibliotecaria Koha-Bescolares ou, de ser o caso, Meiga. A [CDU ilustrada](#) e a [adaptación da CDU ás bibliotecas escolares galegas](#) dispoñibles no espazo web da Asesoría de Bibliotecas Escolares deberán ser tidas en conta.
3. Na xestión da colección terase en conta a lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia, pola que deben conservarse determinados fondos. Ademais, contemplaranse as seguintes cuestións á hora de realizar labores de expurgación dos fondos:
 - a. Débense conservar os libros editados en galego con anterioridade ao ano 1984, especialmente aqueles relacionados coa literatura infantil e xuvenil, ou vinculados co ámbito educativo. No caso de non poder garantir a súa axeitada conservación, deberán ser transferidos ao Mupega (Museo Pedagóxico de Galicia). Para expurgar libros anteriores ao ano 1950, tanto en castelán como noutros idiomas, deberá consultarse co Mupega.
 - b. No caso de recibir a oferta de doazóns, cada centro deberá estudar a viabilidade de aceptalas, atendendo á súa pertinencia e relevancia para formar parte da súa colección, e tendo en conta que a biblioteca escolar actual non debe quedar supeditada á existencia deste tipo de doazóns se non hai espazo suficiente nin medios para a xestión das mesmas (ou o contido da doazón non se considera de interese para ese centro educativo en concreto). Consultarase con esta dirección xeral (Asesoría de Bibliotecas Escolares) as posibles saídas a este tipo de situacións.
 - c. Conservaranse aquelas obras de persoas relevantes no ámbitos das artes, das ciencias, do deporte etc. que teñen carácter único por conter

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 2, andar 2
15781 Santiago de Compostela
dxoie@xunta.gal





anotacións, dedicatorias, ex libris...

- d. Cando existan este tipo de fondos de carácter histórico ou de alto valor patrimonial e se decida preservalos no propio centro, deberán tomarse medidas para diferenciar o "fondo histórico" (creando unha "biblioteca histórica" ou unha "biblioteca de investigación"), do resto dos fondos, equipamentos e servizos da biblioteca escolar, deseñada para cubrir as necesidades do alumnado no presente, conforme ao recollido neste apartado das instrucións.

Quinto. Profesorado responsable da biblioteca escolar, profesorado do equipo de apoio e alumnado voluntario

1. A persoa responsable da biblioteca integrarase na Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro.
2. Crearase, así mesmo, un equipo de apoio á biblioteca, formado por profesorado do centro dos distintos niveis, etapas ou departamentos existentes nel, para garantir o seu carácter interdisciplinario.
 - a. A dirección do centro educativo debe garantir, de ser posible, a estabilidade e adecuación do equipo de apoio e da persoa responsable da biblioteca escolar que o coordina.
 - b. A designación como responsable de biblioteca recaerá preferentemente en profesorado definitivo no centro.
 - c. En prol dun bo funcionamento da biblioteca escolar, tratarase, na medida que sexa posible, de realizar unha distribución horaria do profesorado de forma axustada ás necesidades de atención deste importante instrumento educativo ao servizo do centro.
 - d. As sesións de garda de biblioteca, realizadas polo responsable da biblioteca escolar ou membro do equipo de apoio á biblioteca son sesións de traballo efectivo ao servizo da biblioteca e da comunidade educativa.
 - e. Para unha efectiva organización e sempre que sexa posible, concentraranse as horas de garda na biblioteca (en horario lectivo ou nos períodos de recreo), no horario daquel profesorado que forma parte do equipo. Desta forma facilítase non só a xestión dos procesos técnicos, a coordinación, o deseño e realización de actividades de dinamización; senón tamén o apoio a proxectos de investigación do alumnado, propostas de carácter interdisciplinario, uso dos recursos dispoñibles en relación coas distintas áreas de aprendizaxe etc., todas

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 2, andar 2
15781 Santiago de Compostela
dxoie@xunta.gal





elas funcións imprescindibles da biblioteca escolar na actualidade.

- f. De ser posible, reservar aos integrantes do equipo de apoio e da persoa responsable da mesma, unicamente para a atención da biblioteca. Sempre que sexa posible, engadiranse gardas por parte doutro profesorado, en número suficiente para que a biblioteca se manteña aberta, con atención directa, a meirande parte do horario e tamén, na medida do posible, en horario extraescolar. En calquera caso, a biblioteca escolar deberá estar sempre a disposición do alumnado nos tempos de recreo.
 - g. Un dos factores máis relevantes á hora de obter resultados é a coordinación entre o equipo de biblioteca e resto de equipos de dinamización do centro na programación das súas actividades. Igualmente, obtéñense mellores resultados cando existe coordinación entre a biblioteca escolar e outros programas do centro en materia de innovación educativa.
3. Unha vez distribuído o horario de atención directa ao alumnado, a dirección do centro asignará horas lectivas e complementarias ao responsable da biblioteca e ao profesorado do equipo de apoio, axustadas ao labor que estes docentes realizan en beneficio de toda a comunidade educativa, a efectos de facer rendibles os importantes investimentos realizados nas bibliotecas e de velar polo cumprimento das funcións que lles corresponden no centro educativo.
 4. Desde a xefatura de estudos favorecerase, sempre que sexa posible, un tempo para a coordinación entre os membros do equipo de biblioteca.

Cómpre ter en conta que levar a cabo as funcións da biblioteca escolar exige tempo de coordinación, a efectos de facilitar e optimizar o traballo do profesorado neste ámbito.

Estas actuacións están amparadas polo Plan de Lectura e Plan de Biblioteca, que xunto coa memoria final de curso deberán terse en conta como indicadores do traballo efectuado e dos resultados obtidos, así como os mecanismos de avaliación que o propio equipo, xunto coa xefatura de estudos determine.

5. Recoméndase a creación dun grupo estable de alumnado voluntario, con formación inicial, distribución de tarefas e supervisión do profesorado.

A existencia de alumnado voluntario, organizado nun grupo específico de colaboración, é unha fórmula que axuda non só a conseguir resultados magníficos con este alumnado (está a ser, por exemplo, unha fórmula de integración de gran interese), xa que contribúe á súa formación como persoas





lectoras, usuarias de información e cidadás e cidadáns activos e solidarios; facilita tamén certos labores de xestión e apoio a outro alumnado que, baixo a supervisión do equipo de biblioteca, resultan dar excelentes resultados.

6. O profesorado que configura o equipo da biblioteca coa colaboración dun grupo de alumnado voluntario programará cada curso, entre outras tarefas, a formación das persoas usuarias da mesma, a través dun mínimo de actividades sistematizadas, planificadas previamente.

Sexto. Avaliación, seguimento e asesoramento

1. **As bibliotecas escolares aplicarán indicadores de logro** para coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos previstos e das liñas de actuación deseñadas no Plan de Biblioteca. A través desta dirección xeral poderán ter acceso a diversos instrumentos que facilitarán esta avaliación, nomeadamente o documento [*Bibliotecas escolares ¿entre interrogantes? Ferramenta de autoavaliación. FGSR-Ministerio de Educación, Cultura e Deporte \(2012\).*](#)
2. **A persoa responsable da biblioteca escolar coordinará a realización dunha memoria anual que incluíra unha avaliación dos servizos ofrecidos pola biblioteca e os apoios e actividades realizadas ao longo do curso escolar.** Esta memoria integrarase na Memoria Final do centro. Nos centros Plambe esta memoria deberá recoller, ademais, os aspectos que se contemplan no apartado correspondente da Resolución anual de convocatoria, e hase de remitir á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para a súa valoración nos tempos establecidos a tal efecto.

Completarase esta información cos datos recollidos no formulario que desde o seguimento do programa se porá a disposición do profesorado que xestiona as bibliotecas escolares, e que deberá cubrirse en formato web, a efectos estatísticos sobre os resultados do Plan de mellora de bibliotecas escolares desta consellería. Ao cubrir este formulario o equipo de biblioteca obtén unha fotografía bastante fidedigna do papel da biblioteca escolar no centro e pode ser unha referencia para futuras actuacións.

3. Sen prexuízo das atribucións que corresponden á Inspección Educativa, o persoal desta dirección xeral adscrito á Asesoría de Bibliotecas Escolares desenvolverá, entre outras, actuacións de asesoramento e acompañamento aos centros educativos en aspectos técnicos (aplicación informática, infraestruturas...), documentais (colección, selección de recursos...), pedagóxicos (usos e programas docentes articulados pola biblioteca...), informativos (tanto no referente ao Plan de Lectura como ao Plan de Biblioteca) e formativos (en coordinación coa Rede de formación do profesorado).

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 2, andar 2
15781 Santiago de Compostela
dxoie@xunta.gal





4. A Inspección Educativa favorecerá o desenvolvemento das actividades programadas sobre lectura e uso da biblioteca escolar, supervisará o adecuado funcionamento dos servizos e programas das bibliotecas escolares, recollidos no Plan de Lectura e no Plan de Biblioteca, así como o seu seguimento e avaliación. Así mesmo, velará polo cumprimento das presentes instrucións, moi especialmente nos centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares, e orientará en relación coas mesmas aos distintos sectores da comunidade educativa.

Disposición adicional primeira. Difusión

A dirección dos centros docentes que impartan estas ensinanzas arbitrará as medidas necesarias para que esta resolución sexa coñecida por todos os membros da comunidade educativa.

Disposición adicional segunda. Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

